

O Entroido centrará a xornada de literatura de tradición oral que organiza a AELG co apoio da Vicepresidencia

Mér, 19/10/2022 - 12:38



O encontro celebrarase o sábado 22 de outubro no Pazo de San Marcos

O **Pazo de San Marcos** acollerá o sábado 22 de outubro a **XIV Xornada de Literatura de Tradición Oral “Entroido. Transgresión e tradición”**, organizada pola **Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega (AELG)** co apoio da **Vicepresidencia da Deputación de Lugo**.

A xornada contará con conferencias e mesas redondas nas que se afondará nas manifestacións do Entroido desde distintos eidos, desde a arqueoloxía ou a xestión do patrimonio cultural ata a iconografía ou a artesanía, deténdose, especialmente, en aspectos relacionados coa simboloxía das máscaras tradicionais. Así, entre as intervencións cóntanse as de Felipe Senén, Julio I. González Montañés, Nieves Amado Rolán, Mercedes Vázquez Saavedra e Xosé Manuel Seixas.

A vicepresidenta da Deputación de Lugo **Maite Ferreiro** e os coordinadores da xornada e vogais da AELG en Lugo, **Antonio Reigosa** e **Lois Pérez**, convidaron a participar na xornada, que ampliará o traballo de documentación e difusión da tradición oral que a AELG ven desenvolvendo con esta iniciativa desde 2008.

A inscrición para esta décimo quinta edición é obrigatoria e de balde. As persoas que queiran dispor da homologación da Consellaría de Cultura, Educación e Universidade, por un total de 8 horas, deberán cumprimentar a inscrición a través da páxina web da AS-PG. Aqueloutras que desexen recibir un certificado de asistencia por parte da AELG, e as que queiran asistir sen obter homologación nin certificado, deberán inscribirse enviando un correo electrónico a oficina@aelg.org, indicando nome, apelidos e DNI.